

**REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE
NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA
CORPORACIÓN DA RTVG**

Día: 29.12.2016 Hora: 16:00

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 29 de decembro de 2016, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Elección da vicepresidencia da Comisión.

Punto 2. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, conforme ao establecido na Resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986.

Punto 3. Preguntas orais en Comisión

- 3.1 1029 (10/POC-000125)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir a transparencia e o autocontrol da RTVG, a valoración da posibilidade de crear a figura do defensor do espectador e do ouvinte na X lexislatura e a data prevista para a creación da Autoridade audiovisual independente de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 16, do 17.11.2016
- 3.2 1034 (10/POC-000126)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa garantía na actualidade do dereito dos profesionais da RTVG á súa independencia informativa ou, se é o caso, as medidas que vai adoptar para ese fin, as súas previsións respecto do establecemento dun estatuto profesional para a Corporación da RTVG e a creación dun consello de informativos na X lexislatura, así como o calendario existente para ese fin
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 16, do 17.11.2016
- 3.3 1604 (10/POC-000226)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Vázquez Verao, Paula

Sobre a existencia dalgún protocolo ou manual de estilo referido ao tratamento informativo da violencia de xénero, a garantía da protección dos profesionais que dan a información, así como os dereitos das vítimas relativos á súa imaxe, nome e residencia e, se é o caso, as previsións ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 27, do 09.12.2016

- 3.4 1618 (10/POC-000229)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis
Sobre a opinión do director xeral da CRTVG respecto do cumprimento do principio de igualdade e non discriminación das mulleres, así como da normativa vixente, na cuña publicitaria emitida pola Radio Galega o 25 de novembro de 2016, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, ás 7.58 horas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 27, do 09.12.2016
- 3.5 2199 (10/POC-000295)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis
Sobre os últimos datos de audiencia rexistrados pola Televisión de Galicia, a súa evolución en relación cos do último ano e a valoración da Corporación Radio e Televisión de Galicia ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 32, do 21.12.2016
- 3.6 2200 (10/POC-000296)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis
Sobre as actuacións que vai desenvolver a Corporación Radio e Televisión de Galicia co fin de rematar o seu proceso de modernización, así como as súas principais liñas mestras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 32, do 21.12.2016
- 3.7 2248 (10/POC-000298)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre os criterios informativos seguidos pola Corporación Radio e Televisión de Galicia para a cobertura do debate no Parlamento de Galicia do proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 32, do 21.12.2016
- 3.8 2249 (10/POC-000299)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a demora existente no desenvolvemento da Lei 9/2011, do 9 de

novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia,
en particular no referido á elección do director xeral da Corporación Radio
e Televisión de Galicia, a elaboración do estatuto profesional e a creación
do Consello de Informativos

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 32, do 21.12.2016

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2016

Aurelio Alfonso Núñez Centeno

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Aurelio Alfonso Núñez Centeno

P

Secretaria

Paula Vázquez Verao

EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

María Encarnación Amigo Díaz

P

María Ángeles Antón Vilasánchez

P

Raquel Arias Rodríguez

P

Silvestre José Balseiros Guinarte

P

Moisés Blanco Paradelo

P

Noela Blanco Rodríguez

S

María de los Ángeles Cuña Bóveda

EM

María Guadalupe Murillo Solís

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

**Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG**

Día: 29.12.2016 Hora: 16:00

Orde do día

1. Elección da vicepresidencia da Comisión.

**Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG**

Día: 29.12.2016

Hora: 16:00

Orde do día

2. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, conforme ao establecido na Resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986.

**Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG**

Día: 29.12.2016 Hora: 16:00

Orde do día

3. Preguntas orais en Comisión

**Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG**

Día: 29.12.2016 Hora: 16:00

Orde do día

3.1 1029(10/POC-000125)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir a transparencia e o autocontrol da RTVG, a valoración da posibilidade de crear a figura do defensor do espectador e do ouvinte na X lexislatura e a data prevista para a creación da Autoridade audiovisual independente de Galicia

Publicación da iniciativa, 16, 17.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2016 18:13
Nº Rexistro: 1029
Data envío: 10/11/2016 18:13:36.657



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Noela Blanco Rodríguez e Luis Manuel Alvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

A radiotelevisión pública galega, vital para o mantemento do espazo público democrático, o reforzamento da identidade do pobo galego, e a promoción da nosa cultura e lingua, está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social. Fronte a un escenario dixital que ameaza con novas discriminacións sociais e un panorama comercial cada vez máis concentrado e oligopolista de medios comerciais privados, que esixiría como contrapeso un servizo público forte e participativo, a RTVG perdeu rapidamente o seu peso e influencia social. Como exemplo, a cota de pantalla da TVG-1 afundiuse do 15,5 % do ano 2008 ao 9,3 % de 2015. O desmantelamento ao que se vén sometendo a este medio público, é tamén a causa da venda da TVG-2 a unha canle de contidos culturais pola semana e de deporte de fin de semana e que rematou sendo un caixón desastre que apenas acada o 1% de cota de pantalla.

Hoxe a radiotelevisión pública galega camiña cara á irrelevancia ou a desaparición, como consecuencia da manipulación sistemática destes oito anos de Goberno do Sr. Feijoo, da falta dun mandato claro de contidos e dos duros retallos do seu financiamento. A manipulación endémica da RTVG lastra a súa calidade, impide unha xestión eficaz da mesma e desnaturaliza a súa misión democrática.

Para mudar esta situación, consideramos que a radiotelevisión pública galega debера ter como base da súa actividade: a independencia, a estabilidade, responsabilidade, e participación da sociedade civil.

 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que medidas vai poñer en marcha o Goberno galego para garantir a transparencia e o autocontrol da RTVG?
2. Valora a Xunta de Galicia a posibilidade de crear durante a X lexislatura a figura do defensor do espectador e do ouvinte?
3. En caso afirmativo, cando ten previsto a creación de dita figura?
4. Conforme ao establecido na Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, cando ten previsto o Goberno galego a creación da Autoridade Audiovisual independente de Galicia?

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 10/11/2016 18:10:12

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/11/2016 18:10:18

**Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG**

Día: 29.12.2016

Hora: 16:00

Orde do día

3.2 1034(10/POC-000126)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa garantía na actualidade do dereito dos profesionais da RTVG á súa independencia informativa ou, se é o caso, as medidas que vai adoptar para ese fin, as súas previsións respecto do establecemento dun estatuto profesional para a Corporación da RTVG e a creación dun consello de informativos na X lexislatura, así como o calendario existente para ese fin

Publicación da iniciativa, 16, 17.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/11/2016 18:14
Nº Rexistro: 1034
Data envío: 10/11/2016 18:14:48.969



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Luis Manuel Alvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

A radiotelevisión pública galega, vital para o mantemento do espazo público democrático, o reforzamento da identidade do pobo galego, e a promoción da nosa cultura e lingua, está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social. Fronte a un escenario dixital que ameaza con novas discriminacións sociais e un panorama comercial cada vez máis concentrado e oligopolista de medios comerciais privados, que esixiría como contrapeso un servizo público forte e participativo, a RTVG perdeu rapidamente o seu peso e influencia social. Como exemplo, a cota de pantalla da TVG-1 afundiuse do 15,5 % do ano 2008 ao 9,3 % de 2015.

Hoxe a radiotelevisión pública galega camiña cara á irrelevancia ou a desaparición, como consecuencia da manipulación sistemática destes oito anos de Goberno do Sr. Feijoo, da falta dun mandato claro de contidos e dos duros retallos do seu financiamento. A manipulación endémica da RTVG lastra a súa calidade, impide unha xestión eficaz da mesma e desnaturaliza a súa misión democrática.

Para mudar esta situación, consideramos que a radiotelevisión pública galega deberá ter como base da súa actividade: a independencia, a estabilidade, responsabilidade, e participación da sociedade civil. Neste senso, os socialistas consideramos que é urxente tamén aumentar a participación dos traballadores e traballadoras para garantir o cumprimento dos obxectivos de independencia editorial e de calidade, para o cal cumpre poñer en marcha todos os instrumentos para garantir a independencia informativa, e a súa defensa respecto a toda presión externa, gubernamental ou privada.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o Goberno galego que os traballadores e traballadoras da RTVG teñen garantida a súa independencia informativa?
2. En caso de non ter garantido dito dereito, que medidas vai poñer en marcha o Goberno galego para mudar esta situación?
3. Ten previsto a Xunta de Galicia establecer un Estatuto profesional para a Corporación da RTVG?
4. Valora o Goberno galego a posibilidade de crear durante a X lexislatura un Consello de Informativos?
5. Tendo en conta que, segundo a lei, as normas de organización e funcionamento do Consello de Informativos aprobaranse polo Consello de Administración da RTVG tras escoitar ás organizacións sindicais representativas. Exactamente, que organizacións sindicais representativas serán convocadas?
6. Cal é o calendario de traballo previsto polo Goberno galego para a creación do Consello de informativos?

Pazo do Parlamento, 9 de novembro de 2016

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 10/11/2016 18:10:28

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 10/11/2016 18:10:34

**Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG**

Día: 29.12.2016

Hora: 16:00

Orde do día

3.3 1604(10/POC-000226)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Vázquez Verao, Paula

Sobre a existencia dalgún protocolo ou manual de estilo referido ao tratamento informativo da violencia de xénero, a garantía da protección dos profesionais que dan a información, así como os dereitos das vítimas relativos á súa imaxe, nome e residencia e, se é o caso, as previsións ao respecto

Publicación da iniciativa, 27, 09.12.2016

Á MESA DO PARLAMENTO

M^a de los Ángeles Cuña Bóveda e Paula Vázquez Verao, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar EN MAREA**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión de control da compañía da CRTVG**.

Tendo en conta que a Comunidade Autónoma de Galicia é a segunda Comunidade con maior número de feminicidios, cremos que pode darse un conflito entre o dereito da RTVG a comunicar unha información veraz, por feitos de indudable interese público, os dereitos da vítima relativos á imaxe e os datos que poden vulnerar a súa intimidade e imaxe.

Tamén se ten que considerar a prudencia do profesional ou a profesional á hora de empregar procedementos técnicos para difuminar os rasgos ou impedir o recoñecemento da vítima ou da mención á localidade de residencia, datos innecesarios para a esencia do contido da información.

Polo exposto, preséntanse as seguintes preguntas:

- 1.ª) Existe un protocolo ou manual de estilo sobre o tratamento informativo da violencia machista?
- 2.ª) Pode vostede garantir a protección dos traballadores e traballadoras que dan a información?
- 3.ª) Poden vostedes protexer o dereito da vítima relativos á súa imaxe, ao seu nome e á súa residencia?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/11/2016 09:30
Nº Rexistro: 1604
Data envío: 24/11/2016 19:36:47.673



4.ª) Vai o Director da RTVG elaborar algún protocolo, coa debida supervisión xurídica, que protexa aos traballadores e/ou traballadoras informantes e ás vítimas?

Santiago de Compostela, 24 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 24/11/2016 19:35:25

Paula Vázquez Verao na data 24/11/2016 19:35:38

**Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG**

Día: 29.12.2016

Hora: 16:00

Orde do día

3.4 1618(10/POC-000229)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a opinión do director xeral da CRTVG respecto do cumprimento do principio de igualdade e non discriminación das mulleres, así como da normativa vixente, na cuña publicitaria emitida pola Radio Galega o 25 de novembro de 2016, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, ás 7.58 horas

Publicación da iniciativa, 27, 09.12.2016

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, deputado e voceiro do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta dirixida ao Director da CRTVG** sobre actitudes e expresións machistas na publicidade dos medios de comunicación públicos.

I. FEITOS.

Radio Galega, 7:58 AM do día 25 de novembro de 2016, día internacional contra a violencia machista.

Logo da desconexión local, cuxas últimas noticias falan dos actos contra a violencia machista na comarca de Santiago de Compostela, emítese un anuncio dun coche que empeza do seguinte xeito, coa voz dun home:

“Que esa veciña que tanto che gusta e nunca che saúda nin che dá os bos días, o día que estreas o teu novo Ibiza che saúde e che dea os bos días e che pida que a leves ao traballo é o NORMAL.. o que non é normal é o prezo..”.

Pódese escoitar o audio no podcast da Radio Galega no seguinte enderezo web (data de consulta: 25/11/2016):

<http://www.crtvg.es/rg/podcast/desconexions-locais-desconexions-locais-do-dia-25-11-2016-2505211>

II. VALORACIÓN DOS FEITOS.

Cabe preguntarse se no enunciado da cuña publicitaria existe implícita ou explícita algún tipo de mensaxe sexista e de tintes machistas.

A mensaxe apela ao concepto de normalidade. E ese é o problema. O que se considera normal segundo algúns canons patriarcais e machistas. Para o anuncio non resulta anormal que se unha muller non se sente atraída por un home, esta poda cambiar de opinión só polo feito de velo a el cun obxecto valioso. Atraída, porque fala do verbo “gustar”; e se non se sente atraída pola razón que sexa, para o narrador, unha voz masculina e xuvenil, evidentemente, é “normal” que cambie o seu sentimento de atracción cando o ve estreando un coche novo. Pasa de non saudar nin falar ao seu veciño a facelo, e aínda máis.. a pedirlle subirse ao seu coche novo e levala ao traballo.

Resulta evidente que pensar que unha muller se sentirá atraída, cambiando os seus sentimentos ou opinión, polo simple feito de portar obxectos valiosos, que serven para dobregar ou cambiar a vontade da muller é unha frivolidade que trasloce a idea de que esta poderá cambiar o seu *non* por un *si* a cambio de obxectos valiosos que porte o veciño. Coma se a vontade, os sentimentos ou a atracción dependesen do diñeiro do home.

A idea, na nosa opinión, non pode ser máis machista.

III. DIMENSIÓN XURÍDICA DOS FEITOS.

Na opinión de En Marea, o normal sería que este anuncio fose cualificado publicidade machista e polo tanto ilícita ao abeiro da Lei orgánica 1/2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, cuxo preámbulo indica que:

“No campo da publicidade, esta haberá de respectar a dignidade das mulleres e o seu dereito a unha imaxe non estereotipada, nin discriminatoria, tanto se se exhibe nos medios de comunicación públicos como nos privados”.

E no seu artigo 10, onde establece:

“Artigo 10. Publicidade ilícita.

De acordo co establecido na Lei 34/1988, do 11 de novembro, Xeneral de Publicidade, considerarase ilícita a publicidade que utilice a imaxe da muller con carácter vejatorio ou discriminatorio.”

No mesmo sentido, dentro da normativa galega, o art. 13 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, di:

*“A Xunta de Galicia, a través dos medios de comunicación de titularidade autonómica e a través daqueles nos que participe ou aos que subvencione, **garantirá**, condicionando a efectividade desta subvención e sen vulnerar a liberdade de expresión e información, **a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das funcións das mulleres e dos homes na sociedade..**”*

IV. A PREGUNTA.

- Considera o Director que a cuña publicitaria emitida pola Radio Galega o día 25 de novembro de 2016, día da ***Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller***, ás 7:58 AM é acorde co principio de igualdade e non discriminación das mulleres?
- Considera que se debería considerar ilícito o anuncio conforme coa normativa vixente?
- Adoptará algunha medida ao respecto?

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2016.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 25/11/2016 11:41:35

**Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG**

Día: 29.12.2016

Hora: 16:00

Orde do día

3.5 2199(10/POC-000295)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre os últimos datos de audiencia rexistrados pola
Televisión de Galicia, a súa evolución en relación cos do
último ano e a valoración da Corporación Radio e Televisión
de Galicia ao respecto

Publicación da iniciativa, 32, 21.12.2016

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodriguez, María Encarnación Amigo Díaz, Moisés Blanco Paradelo, Silvestre José Balseiros Guinarte, María Antón Vilasánchez, Guadalupe Murillo Solís e Aurelio Nuñez Centeno, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Os últimos datos de audiencia certifican que a Televisión de Galicia consolídase como unha das canles públicas autonómicas máis vistas do conxunto de España.

De feito, entre entre todas as canles que conforman a FORTA (Federación de Organismos o Entidades de Radio e Televisión Autonómicas) destaca pola súa capacidade de acadar máximos de audiencia tanto na franxa de *prime time* como ao longo do día.

Dentro da súa programación cómpre salientar os bos resultados dos servizos informativos, das novas series de ficción ou dos principais programas de entretemento.

Mediante a TVG operan catro canles de televisión dixital, dúas terrestres: TVG e tvG2; dúas a través de satélite: Galicia TV Europa e Galicia TV América (amplamente seguidas polas comunidades galegas neses ámbitos exteriores), emitindo as 24 horas do día. O seu alcance terrestre cífrase nuns catro millóns de persoas no Noroeste peninsular, atinxindo Galicia, as Comunidades limítrofes e o Norte de Portugal.

As grellas de programación abranguen noticias, concertos, programas culturais, contidos infantís, concursos, xogos, series, filmes, debates e



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2016 13:35
Nº Rexistro: 2199
Data envío: 12/12/2016 13:35:37.434

deportes. Destes espazos, máis do 60% é de produción feita con recursos propios.

A misión primeira da CRTVG como servizo público é mellorar e normalizar o uso da nosa lingua oficial, o galego, e promover a nosa cultura, ademais de constituírse como un elemento que vertebra a identidade e a dinámica social e política de Galicia.

En relación con este asunto, o Grupo Parlamentario Popular formula as seguintes preguntas:

- 1.- Cales son os últimos datos de audiencia rexistrados pola Televisión de Galicia?
- 2.- Que evolución vén de rexistrar a televisión pública galega no que respecta aos seus datos de audiencia no último ano?
- 3.- Que valoración fai a CRTVG dos datos achegados?

Santiago de Compostela 12 decembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2016 13:35
Nº Rexistro: 2199
Data envío: 12/12/2016 13:35:37.434

Raquel Arias Rodríguez na data 12/12/2016 13:27:32

María Encarnación Amigo Díaz na data 12/12/2016 13:28:10

Moisés Blanco Paradelo na data 12/12/2016 13:28:22

Silvestre Balseiros Guinarte na data 12/12/2016 13:28:36

Maria Antón Vilasánchez na data 12/12/2016 13:28:49

María Guadalupe Murillo Solís na data 12/12/2016 13:29:00

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 12/12/2016 13:29:18

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG**

Día: 29.12.2016 Hora: 16:00

Orde do día

3.6 2200(10/POC-000296)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre as actuacións que vai desenvolver a Corporación Radio e
Televisión de Galicia co fin de rematar o seu proceso de
modernización, así como as súas principais liñas mestras

Publicación da iniciativa, 32, 21.12.2016

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodriguez, María Encarnación Amigo Díaz, Moisés Blanco Paradelo, Silvestre José Balseiros Guinarte, María Antón Vilasanchez, Guadalupe Murillo Solís e Aurelio Nuñez Centeno, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) nace o 1 de xaneiro de 2016 como sucesora da Compañía do mesmo nome. Agrupa os medios audiovisuais de titularidade pública, de xeito destacado, a Televisión de Galicia (TVG), a Radio Galega (RG) e os seus correspondentes soportes dixitais.

A constitución da Corporación buscaba adecuar o réxime xurídico desta entidade á nova lei reguladora da comunicación audiovisual e, máis en particular, acomodar o seu funcionamento e estrutura ao novo entorno social, económico e técnico, xa que logo nos últimos anos os distintos operadores modificaron substancialmente as condicións nas que actúan no mercado audiovisual e tecnolóxico.

A CRTVG veu desenvolvendo polo tanto, desde a pasada lexislatura, un amplo proceso de modernización, e establecendo distintas medidas e fórmulas para avanzar na súa independencia e profesionalidade, segundo os fin previstos na súa lei.

Estamos a falar de dar continuidade a unha serie de cambios que afectan a unha Corporación na que, no seu conxunto, prestan os seus servizos máis de oitocentos empregados. no centro de produción central, xunto a catro delegacións nas principais cidades de Galicia e unha máis en Madrid.



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2016 13:38
Nº Rexistro: 2200
Data envío: 12/12/2016 13:38:49.950

Tendo tamén presente o seu carácter de entidade pública e o seu papel cultural, social e político, así como a súa función como medio de comunicación de dar traslado á cidadanía da realidade cultural, social e económica de Galicia, en compatibilidade coa defensa e promoción dos principios básicos de pluralidade e respecto, e tendo tamén presente que é tendencia obrigada mellorar o servizo público que presta e garantir a excelencia e o futuro dos seus profesionais.

En relación con este asunto, o Grupo Parlamentario Popular formula as seguintes preguntas:

- 1.- Que previsións ten previsto desenvolver a Corporación de Radio e Televisión de Galicia ao obxecto de culminar o seu proceso de modernización?
- 2.- Cales son as principais liñas mestras da súa actuación estratéxica no futuro máis próximo, a curto e medio prazo?

Santiago de Compostela 12 decembro 2016.

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 12/12/2016 13:31:16

María Encarnación Amigo Díaz na data 12/12/2016 13:31:52

Moisés Blanco Paradelo na data 12/12/2016 13:32:04

Silvestre Balseiros Guinarte na data 12/12/2016 13:32:14

Maria Antón Vilasánchez na data 12/12/2016 13:32:26

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2016 13:38
Nº Rexistro: 2200
Data envío: 12/12/2016 13:38:49.950

María Guadalupe Murillo Solís na data 12/12/2016 13:32:36

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 12/12/2016 13:32:54

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG**

Día: 29.12.2016

Hora: 16:00

Orde do día

3.7 2248(10/POC-000298)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre os criterios informativos seguidos pola Corporación
Radio e Televisión de Galicia para a cobertura do debate no
Parlamento de Galicia do Proxecto de lei de orzamentos xerais
da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017

Publicación da iniciativa, 32, 21.12.2016



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2016 12:30
Nº Rexistro: 2248
Data envío: 13/12/2016 12:30:37.490

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de Control da CRTVG**.

No marco do debate parlamentar arredor do proxecto de Orzamentos para 2017 o TX-2 facíase eco das comparecencias na Comisión 3ª do conselleiro de Educación, Economía e Sanidade, porén, na información non se daba voz ás forzas da oposición.

Diante disto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión de Control CRTVG:

Que criterio informativo se usa para a cobertura do debate orzamentario a respecto dos distintos grupos parlamentares?

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2016



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2016 12:30
Nº Rexistro: 2248
Data envío: 13/12/2016 12:30:37.490

Asdo.: Olalla Rodil Fernández
Ana Belén Pontón Mondelo
Xosé Luis Rivas Cruz
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Xosé Luis Bará Torres
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/12/2016 12:29:34

Ana Pontón Mondelo na data 13/12/2016 12:29:43

María Montserrat Prado Cores na data 13/12/2016 12:29:47

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/12/2016 12:29:49

Noa Presas Bergantiños na data 13/12/2016 12:29:53

Xosé Luis Bará Torres na data 13/12/2016 12:29:57

**Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG**

Día: 29.12.2016 Hora: 16:00

Orde do día

3.8 2249(10/POC-000299)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a demora existente no desenvolvemento da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, en particular no referido á elección do director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, a elaboración do estatuto profesional e a creación do Consello de Informativos

Publicación da iniciativa, 32, 21.12.2016



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2016 12:33
Nº Rexistro: 2249
Data envío: 13/12/2016 12:33:10.022

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de Control da CRTVG**, relativa ao desenvolvemento da Lei 9/2011 dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza

Na pasada lexislatura o Parlamento de Galiza aprobou a Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza. Malia teren decorrido cinco anos desde a súa entrada en vigor esta norma aínda non foi desenvolvida nalgúns dos aspectos máis importantes como a elección parlamentaria, por unha maioría de dous terzos (artigo 23.2), da persoa que ocupe o cargo de directora xeral da CRTVG, así como a elaboración dun Estatuto profesional (artigo 36) e o correspondente Consello de Informativos (artigo 36.2).

O obxectivo destas medidas é garantir a democracia interna da entidade xunto coa independencia, veracidade e obxectividade dos contidos informativos ofrecidos pola radio e televisión públicas de Galiza así como a participación dos e das profesionais da CRTVG na toma de decisións da corporación.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para resposta oral na



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/12/2016 12:33
Nº Rexistro: 2249
Data envío: 13/12/2016 12:33:10.022

Comisión de Control da CRTVG

1. Que opinión lle merece ao Director Xeral da CRTVG que non se desenvolvese até o momento a Lei 9/2011?

2. Ten constancia de que se vaian iniciar os trámites para a elaboración do Estatuto Profesional e do Consello de Informativos previstos na lei?

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2016

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Ana Belén Pontón Mondelo

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 13/12/2016 12:32:35

Ana Pontón Mondelo na data 13/12/2016 12:32:40



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REGISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 13/12/2016 12:33

Nº Rexistro: 2249

Data envío: 13/12/2016 12:33:10.022

Xosé Luis Rivas Cruz na data 13/12/2016 12:32:44

María Montserrat Prado Cores na data 13/12/2016 12:32:49

Noa Presas Bergantiños na data 13/12/2016 12:32:50

Xosé Luis Bará Torres na data 13/12/2016 12:32:55